

4ª reunión da Mesa de Convenio: modernizar non é recortar

A PATRONAL DESPREGA TODA UNHA BATERIA DE RECORTES

Na reunión da mesa de negociación do Convenio Colectivo celebrada o pasado 25 de marzo, a AEB puxo encima da mesa as súas propostas. Despregaron unha ampla batería de medidas para reducir e recortar os dereitos das traballadoras e os traballadores. Deste xeito, quedaron claras as súas intencións: argumentando unha suposta 'modernización' e 'adaptación á nova realidade', na práctica, o que pretenden é construír un novo marco de relacións laborais no que, case partindo de cero, reedítanse vellas obsesións (a mobilidade xeográfica até 50 kms., a eliminación dos cinco días de vacacións para o persoal de Canarias e outras máis) e propoñense outras novas:

- Introducir dous novos Niveis máis baratos: un de Técnico, con salarios igual ao nivel 9 actual e outro de Administrativo, con salarios do 75% do actual de nivel 11. E iso baixo a premisa de 'crear emprego'. I
- Conxelar a antigüidade (a xeral e a de técnicos) para o persoal actual e suprimila para novas entradas. Isto leva á súa vez, a supresión dos ascensos por ese concepto.
- Conxelar as pagas de beneficios -ata as 3,75- para o persoal actual e suprimilas para as novas entradas.

Visto o visto, está claro que patronal e sindicatos non entendemos o mesmo por modernización.

Para a patronal, 'modernizar' é aproveitar o que está a pasar neste país nos últimos tempos: aproveitar quen goberna e como legisla; aproveitar a reforma laboral e o tratado de libre comercio que se pretende implantar en Europa e aproveitar o intento de descrédito sindical que despregaron os medios.

En cambio para CCOO, que non pecha os ollos á realidade, nunca o fixo, 'modernizar' é tratar de chegar a un texto máis conciso e preciso que normalice aspectos como o salarial, profundice no recoñecemento da profesionalidade dos bancarios e bancarias e aborde a creación de emprego, todo iso con medidas como:

- A concreción e regulación da retribución de cada posto de traballo, en función da súa responsabilidade
- O cumprimento de horarios
- A existencia de códigos éticos e de responsabilidade social
- A definición da carreira profesional e as retribucións variables asociadas, definidas e pactadas no Convenio
- A implementación de políticas de igualdade e de conciliación da vida persoal e familiar, reais e que fomenten a corresponsabilidade
- A xeración de emprego estable e con dereitos
- De previsión social e da complementación das nosas pensións

Modernizar é en definitiva, recoñecer e pór en valor a dignidade da profesión bancaria, con todo o que leva asociado. E diso é do que quere falar CCOO.

O exposto na mesa, por ambas as partes, constitúe unha batería de propostas de moito calado que require de sentar a debater, analizar e expor cal queremos que sexa o escenario de saída da crise para as bancarias e os bancarios, tanto para os que estamos agora como para os que estarán no futuro. E iso só pode facerse coa participación da nosa afiliación e do resto da plantilla.

En CCOO somos conscientes das dificultades da presente negociación, que se prevé intensa e dura, pero estaremos para contrapropoñer e para defender os dereitos das e dos profesionais bancarios.

Se a intención é só recortar, CCOO estaremos en fronte. Se se quere modernizar de verdade, nós seremos os primeiros en axudar a iso.

A próxima reunión fixouse para o próximo 14 de abril.

